

## Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 10 de febreiro de 2022

### Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 10/02/2022
- II. Asistentes á CGIC do 10/02/2022
- III. Rexistros do procedemento PE01 Xestión do PAS
- IV. Rexistros do procedemento PE02 Xestión do PDI
- V. Declaración de interese institucional do *Máster en Xestión Sostible da Auga*.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 10 minutos, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2021.**

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na sección INICIO / CALIDADE / COMISION DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. **Informe do Coordinador.**

O Coordinador de calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

- **Renovación da certificación de implantación do Sistema de Calidade da Escola:**
  - ✓ 3 de febreiro: recibíuse o diploma de re-certificación da implantación do SGC e procedeuse á súa publicación na web do centro ([ligazón](#)).
  - ✓ O documento do Plan de Melloras (*aprobado na sesión do 17/12/2021*) xa foi revisado pola dirección tendo en conta as suxestións recibidas e soamente falta subir as fichas das accións de mellora á plataforma do SGIC e engadilas como anexos. Nos próximos días achegarase o documento completo aos membros da comisión.
- **Comunicacións da Área de Calidade – Reunión coa ACSUG**
  - ✓ 20 decembro: reunión presencial coa ACSUG.

- Presentouse o cadro de titulacións e centros das tres universidades do SUG que neste curso académico 21-22 van a ser avaliados externamente no marco dalgún dos programas de calidade.
  - No marco do novo Real Decreto, están a traballar na Rede de Axencias de Calidade-REACU nas novas guías asociadas aos distintos programas de calidade (Modificación, Acreditación, Seguimento, Deseño e Certificación do SGC, etc.). Achegarán borrador en marzo de 2022.
  - Principais cambios asociados ao RD 822/2021 do 28 de setembro polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade; comentaranse na próxima reunión da Comisión de Calidade da Universidade (febreiro).
- **Comunicacións da Área de Calidade – Enquisas de Avaliación Docente**
- ✓ EAD20/21: sen publicar os resultados definitivos; tentarán achegar o resumo por titulacións para o rexistro RI-PE02 P1 do SGIC 20/21 que se pecha o 15 de febreiro.
  - ✓ **21 decembro:** o proceso de Enquisas de Avaliación Docente (EAD) en modalidade en liña do 1º cuadrimestre do curso 2021-2022 púxose en marcha o 13 de decembro; o alumnado recibe un correo invitándolle a participar nas enquisas co enlace directo a aplicación. Prazo ata o 4 de febreiro de 2022.
  - ✓ **27 xaneiro:** achegan arquivo coa participación por titulacións acadada ata o día 26 de xaneiro. Pregan difusión entre alumnado e profesorado para fomentar a participación.

Codigo	Titulación	Recollidas	Potenciais	Porcentaxe
V09G290V01	Grao en Enxeñaría da Enerxía (en extinción)	59	326	18.10%
V09G291V01	Grao en Enxeñaría da Enerxía	36	443	8.13%
V09G310V01	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (en extinción)	23	159	14.47%
V09G311V01	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	16	105	15.24%
V09M148V01	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	22	92	23.91%

- **Comunicacións da Área de Calidade – Enquisas de Satisfacción**
- ✓ 22 decembro: achegan respostas ás preguntas abertas asociadas aos resultados da satisfacción coas titulacións oficiais da EEME.
  - ✓ 8 febreiro: achegan resultados das enquisas de empregadores (proceso levado a cabo no segundo semestre de 2021); non se publican no Portal de Transparencia.
- **Comunicacións da Unidade de Análises e Programas / Publicacións PT**
- ✓ 20 decembro: publicación de indicadores de centros e titulacións no Portal de Transparencia (Admisión de grao e máster, Acceso e matrícula inicial, Matrícula, Taxas de Graduación (só número de persoas egresadas), e indicadores de docencia, méritos e formación do profesorado).

- ✓ 19 xaneiro: publicación de algún dos informes de indicadores pendentes de actualización no Portal de Transparencia (Taxas de abandono e graduación).
- ✓ 21 xaneiro: publicación no Portal de Transparencia de indicadores de mobilidade.
- ✓ 26 xaneiro: publicación de algún dos informes de indicadores pendentes de actualización no Portal de Transparencia (Taxas de éxito, avaliación, rendemento e eficiencia).
- **Plataforma do SGIC – Peche do curso 2020-2021 (15/02/2022):**
  - ✓ **R1-PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais):** informe EAD20/21 agregado por titulacións (próxima recepción).
- **Novos rexistros na plataforma do SGIC - Curso 2021-2022:**
  - ✓ Pendentes:
    - **R1-DO0101 P1 – Acta da Comisión de Calidade sobre a modificación dunha titulación** (punto 5 da orde do día).

A Presidenta agradece ao coordinador de calidade o traballo realizado.

3. **Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento PE01 Xestión do PAS:**
  - a. **R1-PE01 P1 Identificación das necesidades (de contratación) de PAS do centro**
  - b. **R2-PE01 P1 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro.**

A Presidenta cede a palabra ao Coordinador de Calidade, quen sinala que os documentos foron elaborados por Ana Cacheiro, Administradora do ámbito, e os comenta brevemente.

A Comisión aproba os dous rexistros por asentimento.

4. **Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento PE02 Xestión do PDI:**
  - a. **R3-PE02 P1 Listaxe de accións formativas derivadas das necesidades detectadas**
  - b. **R4-PE02 P1 Ficha de programa /actividade de formación.**

A Presidenta sinala que o 24/01/22 se enviou un e-mail solicitando ao profesorado que comunicara as súas necesidades con prazo ata o 2/2/22. A proposta de accións formativas elaborouse recollendo as tres solicitudes achegadas. A continuación comenta brevemente o documento e aclara que, unha vez se aprobe en Xunta de Escola, se trasladarán as solicitudes á Área de Formación e Innovación Educativa que ten habilitada unha plataforma para xestionar o Programa de Formación Permanente do Profesorado (*Escola Aberta de Formación Permanente*). Sinala que unha das solicitudes achegadas é moi específica, polo que seguramente a descartarán; nese caso, podería pensarse nunha actividade interna.

Propón aprobar o documento delegando na dirección do centro a elaboración das fichas concretas de cada actividade para a tramitación das solicitudes.

Apróbase a proposta por asentimento.

**5. Aprobación, se procede, de declaracións de interese de modificación de títulos xa implantados ou de novas propostas de títulos para o curso 2023-2024.**

A Presidenta lembra que a proposta do centro foi facer unha modificación integral dos plans das titulacións de grao e máster; deste xeito, o título de máster modificado debería implantarse no curso 2024-2025 como continuación para a primeira promoción dos títulos de grao. Ademais sinala que, tendo en conta este acordo, na Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas do 24/01/2022 acordouse agardar un curso máis para acometer a modificación da titulación.

En relación ás titulacións G2030, lembra o proceso seguido e como foi o nomeamento das persoas coordinadoras. Concretamente, a Universidade de Vigo trasladou á Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a responsabilidade de coordinar na UVIGO o grupo de traballo do Máster en Xestión Sostible da Auga; esta tarefa está sendo levada a cabo por Elena Alonso e María Araújo dende o mes de setembro.

A Presidenta informa á Comisión de Calidade de que, para estas titulacións, a Universidade de Vigo seguiu un procedemento diferente ao habitual de xeito que, en vez de ser o centro quen efectúe unha declaración de interese, foi o Consello de Goberno da universidade quen trasladou unha declaración institucional de interese en desenvolver a devandita proposta. Amonsa o documento da declaración de interese (ANEXO V) e sinala que participan as tres universidades galegas, coa coordinación xeral dende a Universidade da Coruña, e que o noso centro actúa como centro coordinador na Universidade de Vigo. Ademais, indica a relación dos departamentos vinculados á Escola que poderían participar na súa docencia.

Apróbase a proposta por asentimento.

**6. Aprobación, se procede, da participación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas no proceso de avaliación do Selo EUR-ACE.**

A Presidenta explica o proceso de avaliación do Selo EUR-ACE e sinala que a avaliación a fai a ANECA. A Universidade de Vigo prioriza as solicitudes de avaliación en base ás titulacións que o solicitan. Sinala que se tiña feito a presolicitude para a convocatoria 2021-2022 do selo EUR-ACE do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas e non para as titulacións de grao xa que estas se atopan no proceso de implantación dos novos plans, convivindo os plans actuais cos plans en extinción.

A Área de Calidade pediu a decisión definitiva do centro sobre a participación da titulación antes do 25/01/2022. Na Comisión Académica do MUEM do 24 de xaneiro acordouse confirmar a participación definitiva do máster no proceso de avaliación do Selo EUR-ACE xa que agardar á modificación da titulación do máster conlevaría adialo ata o curso 2027-2028.



Apróbase por asentimento a participación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas no proceso de avaliación do selo EUR-ACE

## 7. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 46 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dez de febreiro de dous mil vinte e dous.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



## **ANEXO I**

Convocatoria da CGIC do 10/02/2022

## Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 10 de febreiro de 2022, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (\*), e trataranse os seguintes puntos da

### ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2021.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento PE01 Xestión do PAS:
  - R1-PE01 P1 Identificación das necesidades (de contratación) de PAS do centro
  - R2-PE01 P1 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro.
4. Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento PE02 Xestión do PDI:
  - R3-PE02 P1 Listaxe de accións formativas derivadas das necesidades detectadas
  - R4-PE02 P1 Ficha de programa /actividade de formación.
5. Aprobación, se procede, de declaracións de interese de modificación de títulos xa implantados ou de novas propostas de títulos para o curso 2023-2024.
6. Aprobación, se procede, da participación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas no proceso de avaliación do Selo EUR-ACE.
7. Rogos e Preguntas.

Vigo, 3 de febreiro de 2022

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(\*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa **contrasinal 1DLD6QsL (ele-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario ([eme.secretaria@uvigo.es](mailto:eme.secretaria@uvigo.es)) que lle indicará o método de acreditación complementario.

**A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA**



## **ANEXO II**

Asistentes á CGIC do 10/02/2022



<b>Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 10 de febreiro de 2022</b>	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudiantado Egresado
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Diego López González	Representante da Sociedade
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
<b>Escusan a súa asistencia</b>	
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE



### **ANEXO III**

**Rexistros do procedemento PE01 Xestión do PAS:**

- a. R1-PE01 P1 Identificación das necesidades (de contratación) de PAS do centro**
- b. R2-PE01 P1 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro.**



## **ANEXO IV**

**Rexistros do procedemento PE02 Xestión do PDI: R3-PE02 P1 Listaxe  
de accións formativas derivadas das necesidades detectadas**



## **ANEXO V**

**Declaración de interese institucional do Máster en  
Xestión Sostible da Auga**